

PREGUNTA DE AER SOBRE PLUVIAIS NO CAMIÑO DA AVISPEIRA

PLENO 6 MAIO 2014. ACTA 6/2014

Un veciño do camiño da Avispeira, na parroquia de Chapela, transmitiuno a queixa de que non se canalizaron axeitadamente as augas pluviais no recente asfalto do mesmo. Incluso falou cos obreiros cando estaban traballando, para poder dirixirse ao encargado no Concello do seguimento desta obra, pero non conseguiu o seu propósito. Tendo en conta que o asfalto é reciclado (menos calidade), e que dito camiño ten unha pendente moi pronunciada, o feito de non ter ben canalizadas as pluviais implica un deterioro continuo dese firme, co consecuente prexuízo para os veciños da zona.

No rótulo de información da obra contéplase a “implantación de pluviais”. O prazo para executar a obra foi o 3 de Outubro ata o ano 15 de Novembro de 2013.

Atendendo a esta demanda dos veciños, un grupo de traballo de AER foi comprobar que a información era correcta e, posteriormente, pediu por rexistro no Concello o proxecto de dito asfaltado (ver foto adxunta)

Como se pode apreciar no orzamento para o proxecto, ademais a canalización mediante cunetas e canles, tamén se contempla a colocación de dous sumidoiros transversais para desaugar as pluviais. ESTES SUMIDOIROS NON EXSITEN A DÍA DE HOXE e na información que nos facilita o Concello non hai ningún tipo de explicación ó respecto. Dende AER consideramos que é importante facer un seguimento das distintas actuacións no municipio, co fin de que O FIRMADO DE CUMpra e, ao mesmo tempo, tamén consideramos imprescindible ter informados aos veciños afectados directamente e atender as súas exposicións que, en moitos casos, atallarían futuros problemas. Por todo o exposto preguntamos:

Quen é o encargado no Concello do seguimento das distintas actuacións municipais que nos poida aclarar as posibles irregularidades desta obra realizada no camiño da Avispeira (Chapela)?

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que cada vez se está utilizando máis o asfalto reciclado e vai moi ben. Sinala que agora están separadas as pluviais e as fecais.